

## CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A REALIZACIÓN DE TESES DE DOUTORAMENTO EN GALEGO

De acordo cos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela (DECRETO 14/2014, do 30 de xaneiro, publicado no DOG do 14 febreiro de 2014), que establecen no seu artigo 3 que o galego é a lingua propia da USC e que potenciará e garantirá o seu uso pleno en todos os ámbitos, no marco das súas competencias, a Vicerreitoría de Transformación Dixital e Innovación, a través do Servizo de Normalización Lingüística, co fin de promover o uso da lingua galega ligada á calidade formal na redacción, elaboración e defensa das teses de doutoramento, resolve facer pública a **Convocatoria de axudas para a realización de teses de doutoramento en galego**.

Co obxectivo de que a lingua galega sexa de uso normal na redacción e defensa das teses de doutoramento, convócanse axudas para a súa realización, cun compoñente económico e de apoio do Servizo de Normalización Lingüística, de acordo coas seguintes:

### BASES

#### 1 DESTINATARIOS

Poden acceder a estas axudas os/as estudantes de Programas de Doutoramento da Universidade de Compostela que realicen en lingua galega a redacción e defensa da tese de doutoramento no curso académico 2025/2026 ata o 30 de setembro do ano 2026.

Non obstante o parágrafo anterior, quedan exceptuados desta axuda os estudantes dos Programa de Doutoramento cuxas liñas de investigación estean vinculadas á Área de Filoloxía Galega e Portuguesa por entender que, dada a natureza dos seus estudos e o seu compromiso lingüístico, non é necesario incentivar a produción de teses en galego no seu caso.

## 2 AXUDA DE CARÁCTER ECONÓMICO

### 2.1 Contía

O importe máximo global do conxunto das axudas será de 4.000.-€(catro mil euros) para o curso académico 2025/2026, que se repartirán entre os solicitantes que cumpran os requisitos establecidos nesta convocatoria, cun importe máximo de axuda a cada solicitude de 400.-€. No caso de presentarse mais de 10 solicitudes, farase un reparto proporcional ao número de solicitantes.

A contía total das axudas aboarase con cargo á partida orzamentaria do SNL:

**8051-3060-48000.**

### 2.2 Contido da solicitude, lugar e prazo de presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse ata o 30 de setembro de 2026, a través do rexistro electrónico da sede electrónica da USC, sempre con posterioridade á lectura e defensa da tese, segundo o modelo que se acompaña no anexo I. O acceso faise a través da seguinte ligazón:

<https://sede.usc.es/sede/publica/persoais/registroEntrad/acceso.htm>

A estas solicitudes acompañaráselles:

- a) Declaración do director da tese ou doutro membro do tribunal de que a redacción e a defensa da tese se realizou en lingua galega.
- b) Certificación da conta bancaria onde se quere recibir a axuda.

Ao remate do prazo establecido para a presentación de solicitudes, e con carácter previo á súa concesión, o Servizo de Normalización Lingüística **fará pública** na súa web e no taboleiro electrónico unha **listaxe de solicitudes recibidas** dando un prazo de dez días hábiles para a presentación de alegacións.

### 2.3 Concesión e pagamento

Transcorrido o prazo de presentación de alegacións ditarase resolución coa **relación definitiva de axudas concedidas** que se publicará no taboleiro electrónico da USC e na web do Servizo de Normalización Lingüística, facendo efectivo o pagamento dentro do exercicio 2026.

Do importe do premio practicaranse as retencións legais pertinentes (IRPF).

### 3 APOIO Á REDACCIÓN DA TESE

Para todos os estudantes dos programas de doutoramento interesados en redactar e defender a súa tese de doutoramento en lingua galega, a Universidade de Santiago de Compostela, por medio do seu Servizo de Normalización Lingüística, ofrece apoio lingüístico e informativo que se concreta no seguinte:

- a) Servizo de consulta lingüística e terminolóxica.
- b) Asesoramento á corrección da tese.

### 4 RECURSOS

Contra a presente convocatoria, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e 124 da lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Santiago de Compostela, na data indicada na sinatura electrónica.

Gumersindo Feijoo Costa

Vicerreitor de Transformación Dixital e Innovación

(Por resolución reitoral de delegación de competencias do 21 de abril de 2022, modificada o 26 de setembro de 2023)

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236, do 2 de outubro de 2015)

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

**Asinante/Firmante/Signer:** GUMERSINDO FEIJOO COSTA,  
VICERREITOR DE TRANSFORMACION DIXITAL E INNOVACION, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE  
COMPOSTELA, 04/02/2026 16:10:56.

**CSV:** BFA8-3ECF-4558-95AE